

BASES REGULADORAS RELATIVAS ÁS AXUDAS REGA QUE SE CONVOCAN PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT898A).

Acta relativa á valoración de proxectos polo Tribunal de Valoración

Día e hora: Luns 14 de xullo de 2025 ás 12.00h

Lugar: Sala de Consellos do Museo, Museo Centro Gaiás, Monte Gaiás. Santiago de Compostela. A Coruña

Asistentes:

- Presidenta; Verónica Santos Farto, Directora de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Secretaria; Sandra Mouronte Ferreirúa, Auxiliar Administrativa do Departamento Económico Financeiro da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

– Vogais;

Artes Visuais; Violeta Janeiro Alfageme, xestora cultural e doutora en Historia del Arte pola Universidade de Santiago.

Artes Escénicas;

1. Leticia González Sola, actriz, productora e directora galega.
2. Xosé Paulo Rodríguez Domínguez, Director do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.

Artes Musicais; José Víctor Carou, xestor cultural e director artístico do Ateneo Barroco

Deseño; Sara Coleman, doutora en Belas Artes, diseñadora, investigadora e docente.

Artes Dixitais; Xulio Vázquez, fundador e coordinador de HITO Cultura & Tecnología.

En Santiago de Compostela, sendo ás 12:00 horas do día 14 de xullo de 2025, reunidas as persoas indicadas, cumprindo co quórum suficiente de acordo coa convocatoria efectuada, procédese da seguinte maneira:



As persoas que forman parte do Tribunal de Valoración estudan o contido das solicitudes trasladadas para valoración, para seguidamente facer a puntuación de acordo cos criterios de valoración técnica e artística. Os proxectos a valorar son os seguintes:

ARTES ESCÉNICAS	
NOME E APELIDOS	PROXECTO
VERONICA ALEJANDRA TORO GARRIDO	CORAZÓN PÉLVICO
OSCAR ENRIQUE COBOS MARTÍNEZ	CON PALABRAS PRESTADAS
DANIEL BLANCO CHAPELA	LIVRES, UN PORXECTO DE DANI BLANCO
EVA COMESAÑA SANROMAN	COMO ALABAR EN VOZ ALTA
RAQUEL GARABAL CARBAJAL	QUE VOLVAN OS CONTOS
MARIA FARIÑAS RODRÍGUEZ	AS FERIDAS PECHADAS TAMÉN SANGRAN
FRANCISCO AGUNSTÍN SIEIRA GONZÁLEZ	MANUELIÑO
AGUSTÍN GONZÁLEZ ALONSO	NANA PARA UN BOMBARDEO
ADRIÁN LÓPEZ FERNÁNDEZ	DE OUTONO E TARDOR DE TI I JO
GEMA GONZALEZ ESTÉVEZ	APEGO
DIEGO CHAMIZO MORA	WASTELAND
EMILIO JESÚS MANZANO GÓMEZ	EL SILENCIO DE LA IMAGEN
JUAN PABLO COZZANI MADOERY	EL VIAJE DEL LOCO
HUGO GUILHERME PIRES PEREIRA	ALENDIA
SANDRA MARTÍNEZ MARTÍNEZ	UNHA OBRA DO BALCÓN TEATRO
MIGUEL CAVADAS DOCAMPO	AS DEVORACIÓNS
ELISA ALFAYA PÉREZ	AS AVENTURAS DE TALLÍN E NEÓN
JUAN BERLANGA MARTOS	EL SALTO DE BUTES
CARLOS JOSE RODRIGUEZ GALLARDO	MEMORIA DE PROXECTO INMADURXS
SILVIA MENENDEZ BANGO	BETWEEN US
GEMA GONZALEZ ESTÉVEZ	O QUE XERMOLA NO LUME
JESUS PEREIRA LÓPEZ	DE NOCHEJUSTO ANTES DE LOS BOSQUES
ALBA FERNÁNDEZ COTELO	MONTE
ELSA GARCÍA COMESAÑA	PLANETA POP
JESUS BENZAL MONTES	SOBRE LA NADA
DIANA LONGA COLLAZO	A VACA MIRANDO O MAR
MARIA BETY RODRIGUEZ LÓPEZ	QUIESIERA SER UNA ESTRELLA DE LA CANCIÓN LIGERA O LA MUJER QUE DISPARÓ A ANDY WARHOL
ANTONIO RIVAS CAMPOS	DREAM ON
GLORIA MARIA RICO GALÁN	RÚIDO
MARIANA RODRIGO	HARTA
PAULA GRACIELA VIDAL SALINAS	LA MUECA INVISIBLE
MARIE AMELIE NAOMIE TROTET	ÁNIMAS, ENTRE TERRA E CEO
SANDRA BEIRO RODRIGUEZ	DISECCIÓN DUNHA CATÁSTROFE
PABLO REBOLEIRO RAMA	PATRÓNS DE MOVEMENTO
MARTA ALONSO TEJADA	ABURRIMIENTO: ARQUITECTURAS PARA O XOGO ESCÉNICO
TYLER SCOTT MCKECHNIE	ANÉCDOTAS DUN GUIRI NEOFALANTE
ANDREA DUNIA DIAZ CASAL	FORA - MUNDO
JODY PAULA DEL RIO MANZANAS	ASAMBLEA EN RUINAS
MONTSERRAT PIÑEIRO TORRES	GLIFO
CARLOTA MOSQUERA RODRÍGUEZ	ESCENOPEICA
JORGE DEL OJO GONZALEZ	PINOCHO
JUAN MANUEL GONZALEZ FLETA	LITORAL
DANIEL GONZALEZ LAMOSO	MEU REI
PAULA MIRA GONZALEZ	LO DE LOS BESITOS
ELVIRA ARRANZ GONZALEZ	EL PARQUE
GIOVANNI PEITOXO Y CARDOSO	88
MARIA GARCIA RODRIGUEZ	RUIDO BLANCO
LUIS MARTIN RUIZ	ATRÁS DOS OLLOS
DIANA MARÍA SEIRA SÁNCHEZ	HISTÉRICA DIVA ROMANTICA
LUCIA FEIJOO ROBLES	UN VERNAO POR METRO CUADRADO
CARLOTA PRADERA CARTOIXA	PEDRO E O LOBO
NURIA VILAN PRADO	EXTENSA E VERMELLA



ARTES MUSICAIS	
NOME E APELIDOS	PROXECTO
DANIEL GUTIERREZ TOCA	MUDA
VERA FERNÁNDEZ SUÁREZ	NON SEI CANTAR (DIARIO VOCAL DUNHA IMPOSITORA)
JACOBO VARELA MENÉNDEZ	SISMOGRAFIAS DO INVISIBLE
SANTIAGO ARAUJO FERNÁNDEZ	SUBIR UNHA MONTAÑA
JAVIER OTERO NEIRA	ECOS E SILENCIO
CRISTINA COLLAZO GÓMEZ	SON NON TEMPO
PATRICIA GOBERNA GARCÍA	BAZÁN: OPERA EN MINIATURA
EMILIO GUILLERMO VÁZQUEZ HORYAANS	A CIDADE FUTURA
MARINA MANTEROLA NAJERA	OINATZAK
JAVIER MÉNDEZ UBEDA	RESONANCIA UNDERGROUND
MARIO GARCIA CORTIZO	AS MARXES II, PARA SOPRANO, SEXTETO DE PERCUSIÓN, GRAVACIÓN DE CAMPO E ELECTRÓNICAS
ANDRES RODRIGUEZ MONTEAVARO	CIDADE SONORA. UNHA PROPOSTA DE ARQUITECTURA SOMÁTICA
NEREA GUNDÍN FRAGA	ONDA TERRA. REESCRIBIR O TERRITORIO DENDE O SON
DAVID ALONSO CID	PUNTOS DE ENCONTRO
LARA ALVAREZ ALVAREZ	TRANSPLANTES
RAMÓN SOUTO CARIDE	A TERRA CANSA
SARA CARIDE BLANCO	DIACRONICA
MILLAN MIGUEL TORRE CASTRO	VERSOS AO OIDO
AILEN KENDELMAN MOUZO	UNHA SEÑORA ORQUESTRA

DESEÑO	
NOME E APELIDOS	PROXECTO
ZORAIDA SOBRIN PINTOR	MALAHERRA
VERÓNICA HERRAN HERMIDA	COMO SER....
NURIA MANZANO VALL	PIXEL ARTESANO
FRANCISCO HERBELLO HERMELO	COLECCIÓN HOLOBIONTE
CECILIA PORTELA MARTÍNEZ	DESARROLLAR ESTRUCTA DE MÓDULO HABITACIONAL
MINIA BANET FRAGA	BORDATIPIA
CAROLINA SÁNCHEZ SANZ	PEL DE CAL
LOAIRA PEREZ PEREZ	AZULEXERÍA
DAVID RODRIGUEZ PIÑEIRO	GALICIA EN RELEVO: DO TRAZO Á MATERIA A CARTA XEOMÉTIRICA DE GALICIA COLLE VOLUME

ARTES DIXITAIS	
NOME E APELIDOS	PROXECTO
JOSE OSCAR DOMINGUEZ CORBACHO	SUSPENSIÓN
JOSE MANUEL MOURIÑO LORENZO	ATLAS PALACIOS
SARA LUNA CASTILLO FERNÁNDEZ	METARCADE
ALVARO ALVITE PEILLET	TRMLX INTERLUDIO
ALBA MARÍA SUEIRO BARRAGANS	LABORATORIO DE MALESTARES DIXITAIS
ALBERTO EMILIO CASTAÑO PEREIRA	CEREBRAL 4.0 - CONTROL CONSCIENTE E EXPANSIÓN SENSORIAL
ESTHER GARCIA URQUIJO	SHOT/REVERSE
BREOGAN TORRES GUTIERREZ	NON PODO SER OCÉANO, SON CANTO AO SON DAS ONDAS
IRIA IGLESIAS MARTÍNEZ	CONCERTO: UNHA EXPLORACIÓN CONSCIENTE DO TEST DE LOVELACE APLICADO A UNHA INSTALCIÓN HÍBRIDA
MIGUEL TIERRA RODRIGUEZ	MI ÁNGEL LLENO DE ROSAS
INES BORRAS BORREGUERO	IMPERMANENCIA, EL LENGUAJE OCULTO DE LA NATURALEZA.



ARTES VISUAIS	
NOME E APELIDOS	PROXECTO
PEDRO JAVIER GUIRAO VALVERDE	CARTOFONÍAS
MANUELA PEREIRA ENRIQUEZ	A PAISAXE ESTANCADA
UXIA AMOEDO CAL	VERBAS DE SAL
ALBERTO MUÑOZ MORENO	GRID: del espacio digital al vitral escultórico
VIOLETA IGLESIAS MANEIRO	A PRÁCTICA DO IMPERFECTO
ABEL GARCIA SAAVEDRA	LÉVEDO
ANA DELIA RODRIGUEZ DORREGO	CONSTELACIONES
MARCOS ALBERTO COVELO PEREZ	MOSTRAR / OCULTAR / DESPLAZAR
ABRAHAM ALONSO MENDEZ	POR QUEN DOBRAN AS CAMPÁS
CANDELA EIREA ORRO	PEIXES E OUTROS MARES
PABLO LOPEZ LAMAS	PEL
ZELTIA IGLESIAS RODRIGUEZ	CAMPO DO PINO
LENA FERNANDEZ FARO	SUPERVIVENCIA DUNHA INCONSCIENTE
CARLOS FERNANDEZ LOPEZ	ONDE NON CHOVE
PILAR MANUELA ORDOÑEZ MIYAR	LA ESCUELA DEL MAR
LUIS FEDERICO GONZÁLEZ SÁNCHEZ	LA MANO QUE CAMINA
IRENE TRAPOTE CARPINTERO	HACER TERRITORIO ATANDO CABOS
XELA NEIRA LUACES	ESTUVE EN SANTIAGO Y ME ACORDÉ DE TI
FERNANDEZ PEREZ DE LIS	FURTIVEO: SANTIAGO D.C.
LAURA YUBERO LARIO	TEJIENDO HISTORIAS. BORDANDO MEMORIA DEL TERRITORIO
ALVARO CORRAL CID	BDF 8
ANDREA OTERO VAZQUEZ	FIO E TELA
DIEGO RODRIGUEZ CORDEIRO	O PROFETA DE DRYAS
NICOLAS PIÑEIRO BESADA	O RÍO DA LINGUAXE
CRISTIAN PAZ CERQUEIRA	THE BRUTAL! ACTOFLOVE E: RASTROS DA PRESENZA AUSENTE
BLANCA QUINTANILLA PEREZ	OS BIOSBARDOS
CRIS LORES TORRES	M8 CINE EXPANDIDO EN VIVO CON METRAXE ATOPADO
DANIEL MUIÑOS NOGUEROL	EL ROSTRO QUE HABITA LA AUSENCIA

1º Valoración: proxectos excluídos por non acadar 50 puntos.

O xurado considera que estes proxectos non cumpren co mínimo esixido para ser seleccionados. A ORDE do 2 de abril de 2025 pola que se autoriza a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para outorgar subvencións, se aproban as bases reguladoras relativas ás axudas Rega e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT898A), establece no seu artigo 11 que: "O tribunal fará unha primeira valoración de todos os proxectos admitidos. Aqueles proxectos que non acaden a metade dos puntos, isto é 50 puntos, serán excluídos dunha segunda valoración a partir da cal saíran os seleccionados"

A relación de proxectos excluídos dunha segunda valoración, é a seguinte:



1. Artes escénicas.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
GEMA GONZÁLEZ ESTÉVEZ	O QUE XERMOLA NO LUME	Artes Escénicas	23	12	13	48
PAULA GRACIELA VIDAL SALINAS	LA MUECA INVISIBLE	Artes Escénicas	15	12	12	39
MARIA BETY RODRÍGUEZ LÓPEZ	QUIXERA SER UNHA ESTRELA	Artes Escénicas	15	10	11	36
ELISA ALFAYA PÉREZ	TALLÍN E LEÓN	Artes Escénicas	15	10	10	35
SANDRA BEIRO RODRÍGUEZ	DISECCIÓN DUNHA CATARSIS	Artes Escénicas	15	8	10	33
DANIEL BLANCO CHAPELA	LIVRE	Artes Escénicas	10	10	12	32
GIOVANNI PEIXOTO Y CARDOSO	88	Artes Escénicas	10	10	10	30
AGUSTÍN GONZÁLEZ ALONSO	NANA PARA UN BOMBARDEO	Artes Escénicas	10	5	10	25

2. Deseño.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
VERONICA HERRAN HERMIDA	CÓMO SER...	Deseño	15	20	10	45
CAROLINA SANCHEZ SANZ	PEL DE CAL-esgrafiados	Deseño	20	15	10	45
NURIA MANZANO VALL	PIXELartesanano	Deseño	20	15	5	40
CECILIA PORTELA MARTINEZ	módulo habitacional tipo tetrís	Deseño	20	10	10	40

3. Artes dixitais.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
Sara Luna Castillo Fernández	Próxima parada: ningures	Artes Dixitais	15	15	12,5	42,5
Esther García Urquijo	shot/reverse	Artes Dixitais	20	15	12,5	37,5
Miguel Tierra Rodríguez	Mi ángel lleno de rosas	Artes Dixitais	10	15	12,5	37,5
Alvaro Alvite Peillet	Tramaloixía Interludio	Artes Dixitais	15	0	12,5	27,5



4. Artes visuais.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
BLANCA QUINTANILLA PEREZ	OS BIOSBARDOS	Artes Visuais	20	10	10	40
CRISTIAN PAZ CERQUEIRA	THE BRUTAL ACTOFLOVE: RASTROS DE PRESENZA AUSENTE	Artes Visuais	20	10	10	40
NICOLÁS PIÑEIRO BESADA	O RÍO DA LINGUAXE	Artes Visuais	20	10	10	40
ANDREA OTERO VAZQUEZ	FIO E TELA	Artes Visuais	20	10	10	40
XELA NEIRA LUACES	ESTUVE EN SANTIAGO Y ME ACORDÉ DE TI	Artes Visuais	20	10	10	40
MARTA LUCÍA FRESNEDA GUTIERREZ	ECOLOGÍA INTEGRAL EN RAW	Artes Visuais	10	10	10	30
MARCOS ALBERTO COVELO PEREZ	MOSTRAR/OCULTAR/DESPLAZAR	Artes Visuais	10	10	10	30
ABRAHAM ALONSO MENDEZ	POR QUEN DOBRAN AS CAMPÁS	Artes Visuais	10	10	10	30
DIEGO RODRIGUEZ CORDEIRO	O PROFETA DE DRYAS	Artes Visuais	10	10	10	30
LAURA YUBERO LARIO	TEJIENDO HISTORIAS, BORDANDO MEMORIA DEL TERRITORIO	Artes Visuais	10	10	10	30
LUIS FEDERICO GONZÁLEZ	LA MANO QUE CAMINA	Artes Visuais	10	10	10	30
PILAR MANUELA ORDOÑEZ MIYAR	LA ESCUELA DEL MAR	Artes Visuais	10	10	10	30
LENA FERNANDEZ FARO	SUPERVIVENCIA DUNHA INCONSCIENTE	Artes Visuais	10	10	10	30
PABLO LOPEZ LAMAS	PEL	Artes Visuais	10	10	10	30
DANIEL MUÍÑOS NOGUEROL	EL ROSTRO QUE HABITA LA AUSENCIA	Artes Visuais	10	10	10	30
ANA DELIA RODRIGUEZ DORREGO	CONSTELACIONES	Artes Visuais	10	10	10	30
ABEL GARCIA SAAVEDRA	LÉVEDO	Artes Visuais	10	10	10	30
VIOLETA IGLESIAS MANEIRO	A PRÁCTICA DO IMPERFECTO	Artes Visuais	10	10	10	30
UXIA AMOEDO CAL	VERBAS DE SAL	Artes Visuais	10	10	10	30
PEDRO JAVIER GUIRAO VALVERDE	CARTOFONÍAS	Artes Visuais	10	10	10	30
IRIA PROL CID	ENTRE O RUIDO E A NÉBOA	Artes Visuais	10	10	10	30
MARIA SUSINOS SANCHO	LLUVIA TEMPLADA	Artes Visuais	10	10	10	30
SOFIA MARIA DIEZ SARABIA	ECOS DEL PRESENTE	Artes Visuais	5	10	10	25
DELJO SÁNCHEZ LOJO	KODO	Artes Visuais	5	10	10	25
ANTÍA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	CARIÁTIDES GALEGAS	Artes Visuais	5	10	10	25
ANDRÉS RIVAS RODIS	LAS VENTAJAS DE PARECERSE A OTRO	Artes Visuais	5	10	10	25
MARCOS TORANDELL LUQUE	DIVER-GENTE	Artes Visuais	5	10	10	25
ARTURO GARRIDO VELILLA	SANTA COMPAÑA	Artes Visuais	5	10	10	25
FRANCISCO RAMÓN LÓPEZ CIERTO	PROXECTO VILA CARMIÑA	Artes Visuais	5	10	10	25

5. Na categoría de artes musicais o xurado decide que todos os proxectos acadan a calidade e idoneidade suficiente para continuar a seguinte fase, non propoñendo ningunha exclusión nesta disciplina.

As puntuacións otorgadas polo Tribunal baseanse nos seguintes criterios e establecendo unha puntuación máxima de 100 puntos:

- Avaliación do concepto/idea artística. 45 puntos.
- Viabilidade da súa materialización. 30 puntos



- Avaliación da oportunidade artística para a traxectoria do artista presentado.
25 puntos

Tras as deliberacións do xurado, na disciplina de artes escénicas contamos con un total de 9 proxectos excluídos, na categoría de artes visuais resultan 29, en artes dixitais 4 proxectos, deseño 4 proxectos e na categoría de artes musicais todos os proxectos superan a puntuación dos 50 puntos, pasando a seguinte fase.

2º. Segunda avaliación de proxectos, con puntuación igual ou superior a 50 puntos.

O xurado acorda establecer tres tramos de avaliación en función das características comúns dos proxectos, e segundo os criterios que figuran nas bases da convocatoria, sendo estes tramos os seguintes:

1.- De 50 a 69 puntos.

O xurado valora positivamente os proxectos presentados, máis nalgúns dos apartados a valorar non acadan as características de orixinalidade, concreción e traxectoria artística esixida nesta convocatoria para outorgarlle as bolsas. Os proxectos están argumentados, pero na meirande parte deles existen eivas importantes nalgúns dos apartados a valorar, ou ben non se consideran viables no contexto dunha residencia artística.

2.- De 70 a 84 puntos.

Neste tramo de puntuación, o xurado considera que os proxectos están ben argumentados, a orixinalidade e a calidade son maiores que no tramo anterior, mais hai apartados que, en comparación con outros proxectos presentados, poderían ser susceptibles de mellora a xuízo do tribunal, como a súa viabilidade ou a oportunidade para a traxectoria da proposta.

3.- De 85 a 100 puntos.

Neste tramo as puntuacións, concéntranse os proxectos que, segundo as puntuacións do xurado, son os de máis valía artística e merecedores de acceder ás bolsas pola súa calidade, viabilidade e oportunidade para a visibilización da súa traxectoria artística. Porén, dada a limitación de bolsas por cada categoría, hai candidaturas que, tendo puntuación moi elevada, non acadan o primeiro posto para a obtención da bolsa (agás na categoría de artes escénicas, que terán acceso as dúas mellores puntuacións).

Logo das deliberacións sobre as avaliacións dos proxectos, considerando igualmente o encaixe destes en cada uno dos tramos sinalados no parágrafo anterior, as puntuacións obtidas reflíctense nos seguintes cadros.



1.- Artes escénicas.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	ATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
MARTA ALONSO TEJADA	Aburrimento: arquitecturas para o xogo escénico	ARTES ESCÉNICAS	40	25	20	85
ANTONIO RIVAS CAMPOS	Dream On	ARTES ESCÉNICAS	40	20	25	85
ELSA GARCÍA COMESAÑA	Planeta pop. a alien que se converteu en súper estrela	ARTES ESCÉNICAS	35	25	20	80
DIANA MARÍA SIEIRA SÁNCHEZ	Histérica. Diva. Romántica.	ARTES ESCÉNICAS	35	20	25	80
TYLER SCOTT MCKETCHNIE	Anécdotas dun guiri neofalante	ARTES ESCÉNICAS	40	20	20	80
JUAN BERLANGA MARTOS	El salto de Butes	ARTES ESCÉNICAS	35	25	20	80
EMILIO JESÚS MANZANO GÓMEZ	El silencio de la imagen	ARTES ESCÉNICAS	35	25	20	80
MONTSERRAT PIÑEIRO TORRES	GLIFO	ARTES ESCÉNICAS	34	24	20	78
HUGO GUILHERME PIRES PEREIRA	ALENDIA	ARTES ESCÉNICAS	35	25	17	77
GEMA GONZÁLEZ ESTÉVEZ	Apego	ARTES ESCÉNICAS	30	25	20	75
PAULA MIRA GONZÁLEZ	Lo de los besitos	ARTES ESCÉNICAS	35	25	15	75
DIANA LONGA COLLAZO	A vaca mirando ao mar	ARTES ESCÉNICAS	40	15	15	70
EVA COMESAÑA SANROMÁN	Cómo alabar en voz alta	ARTES ESCÉNICAS	35	20	15	70
MARIA GARCÍA RODRÍGUEZ	Ruído Blanco	ARTES ESCÉNICAS	30	20	20	70
DIEGO CHAMIZO MORA	WASTELAND	ARTES ESCÉNICAS	25	20	15	70
JESUS BENZAL MONTES	SOBRE LA NADA	ARTES ESCÉNICAS	25	25	18	68
JUAN MANUEL GONZÁLEZ FLETA	Litoral	ARTES ESCÉNICAS	40	10	15	65
CARLOTA MOSQUERA RODRÍGUEZ	ESCENOPEICA	ARTES ESCÉNICAS	30	20	15	65
MARIANA RODRIGO	Harta	ARTES ESCÉNICAS	40	10	15	65
OSCAR ENRIQUE COBOS MARTÍNEZ	Con palabras prestadas	ARTES ESCÉNICAS	30	20	15	65
ALBA FERNÁNDEZ COTELO	MONTE	ARTES ESCÉNICAS	25	20	20	65
PABLO REBOLEIRO RAMA	Patrons de movemento	ARTES ESCÉNICAS	25	20	20	65
ANDREA DUNIA DÍAZ CASAL	FORA-MUNDO	ARTES ESCÉNICAS	25	23	15	63
RAQUEL GARABAL CARBAJAL	QUE VOLVAN OS CONTOS	ARTES ESCÉNICAS	30	20	13	63
ELVIRA ARRANZ GONZÁLEZ	El parque	ARTES ESCÉNICAS	25	20	15	60
JORGE DEL OJO GONZÁLEZ	Pinocho	ARTES ESCÉNICAS	30	15	15	60
SILVIA MENÉNDEZ BANGO	Between Us	ARTES ESCÉNICAS	30	15	15	60
LUIS MARTÍN RUIZ	ATRÁS DOS OLLOS	ARTES ESCÉNICAS	25	20	15	60
FRANCISCO AGUSTÍN SIEIRA GONZÁLEZ	Manueliño	ARTES ESCÉNICAS	30	15	15	60
MARÍA FARIÑA RODRÍGUEZ	As feridas pechadas tamén sangran	ARTES ESCÉNICAS	25	15	20	60
LUCIA FEIJOO ROBLES	1 VERANO X M2	ARTES ESCÉNICAS	25	17	7	57
ADRIÁN LÓPEZ FERNÁNDEZ	DE OUTONO E TARDO	ARTES ESCÉNICAS	25	15	15	55
GLORIA MARIA RICO GALÁN	RUÍDO	ARTES ESCÉNICAS	25	15	13	53
SANDRA MARTÍNEZ MARTÍNEZ	Novela negra	ARTES ESCÉNICAS	25	15	15	55
CARLOS JOSÉ RODRÍGUEZ GALLARDO	INMADURXS	ARTES ESCÉNICAS	23	15	13	51
MIGUEL CAVADAS DOCAMPO	AS DEVORACIÓNS	ARTES ESCÉNICAS	23	15	13	51
MARIE AMELIE NAOMIE TROTET	Ánimas. Entre terra e ceo.	ARTES ESCÉNICAS	25	10	15	50
JESÚS PEREIRA LÓPEZ	De noche justo antes de los bosques	ARTES ESCÉNICAS	20	15	15	50
JODY PAULA DEL RÍO MANZANAS	Asamblea en ruínas	ARTES ESCÉNICAS	20	20	10	50
JUAN PABLO COZZANI MADOERI	El viaje del loco	ARTES ESCÉNICAS	25	10	15	50
CARLOTA PRADERA CARTOIXA	cuento visual bailado y actuado "Pedro e o Lobo"	ARTES ESCÉNICAS	20	15	15	50
VERONICA ALEJANDRA TORO GARRIDO	CORAZÓN PÉLVICO	ARTES ESCÉNICAS	20	15	15	50
NURIA VILAN PRADO	EXTENSA VERMELLA	ARTES ESCÉNICAS	20	17	13	50
DANIEL GONZÁLEZ LAMOSO	MEU REI	Artes Escénicas	20	15	15	50



2.- Artes musicais.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
ANDRÉS RODRÍGUEZ MONTEÁVARO	CIDADE SONORA. UNHA PROPOSTA DE ARQUITECTURA...	Artes Musicais	43	28	23	94
RAMÓN SOUTO CARIDE	A TERRA CANSA	Artes Musicais	42	27	23	92
SANTIAGO ARAUJO FERNÁNDEZ	SUBIR UNA MONTAÑA	Artes Musicais	41	27	22	90
PATRICIA GOBERNA GARCÍA	BAZÁN: ÓPERAS EN MINIATURA	Artes Musicais	42	25	22	89
LARA ÁLVAREZ ÁLVAREZ	TRANSPLANTES	Artes Musicais	39	25	24	88
SARA CARIDE BLANCO	DIACRÓNICA	Artes Musicais	40	26	21	87
EMILIO GUILLERMO VÁZQUEZ HORYAANS	A CIDADE FUTURA	Artes Musicais	39	27	21	87
JACOBO VARELA MENÉNDEZ	SISMOGRAFIAS DO INVISIBLE	Artes Musicais	40	25	21	86
JAVIER MÉNDEZ ÚBEDA	RESONANCIA UNDERGROUND	Artes Musicais	40	25	20	85
AILEN KENDELMAN MOUZO	UNHA SEÑORA ORQUESTRA	Artes Musicais	40	24	21	85
JAVIER OTERO NEIRA	ECOS Y SILENCIO	Artes Musicais	36	23	20	79
DAVID ALONSO CID	PUNTOS DE ENCONTRO	Artes Musicais	37	22	20	79
CRISTINA COLLAZO GÓMEZ	SON NO TEMPO	Artes Musicais	38	20	20	78
DAVID GUTIÉRREZ TOCA	MUDA. ESTUDO DO SILENCIO INFRASÓNICO...	Artes Musicais	36	21	20	77
NEREA GUNDÍN FRAGA	ONDA-TERRA. REESCRIBIR O TERRITORIO DENTE O SON	Artes Musicais	36	20	18	76
VERA FERNÁNDEZ SUÁREZ	NON SEI CANTAR. DIARIO VOCAL DUNHA IMPOSTORA	Artes Musicais	36	21	18	75
MARIO GARCÍA CORTIZO	AS MARXES II	Artes Musicais	38	19	18	75
MILLÁN MIGUEL TORRE CASTRO	VERSOS AO OIDO. UNHA PROPOSTA...	Artes Musicais	35	20	19	74
MARINA MANTEROLA NÁJERA	OINATZAK	Artes Musicais	30	21	20	71

3.- Deseño.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
LOAIRA PÉREZ PÉREZ	AZULEXERÍA-cerámica	DESEÑO	35	30	25	90
FRANCISCO HERBELLO HERMELO	COLECCIÓN HOLOBIONTE-xoiería	DESEÑO	25	25	10	60
Zoraida Sobrín Pintor	MALAHERRA	DESEÑO	30	10	15	55
DAVID RODRIGUEZ PIÑEIRO	Galicia en relevo: Do trazo á materia.....	DESEÑO	20	20	10	50



4.- Artes dixitais.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
Alberto Emilio Castaño Pereira	Cerebral	Artes visuais	40	30	20	90
Alba María Sueiro Barragáns	Malestares dixitais Lab.	Artes visuais	35	30	20	85
JOSE OSCAR DOMINGUEZ CORBACHO	SUSPENSIÓN	Artes visuais	35	25	25	85
Lucia FerroRodríguez	Meta Arcade	Artes visuais	35	25	20	80
José Manuel Mouriño Lorenzo	Atlas Palacios.	Artes visuais	30	25	20	75
Breogán Torres Gutiérrez	Non podo ser océano, son canto ao son das ondas.	Artes visuais	30	20	20	70
Inés Borrás Borreguero	Impermanencia, el lenguaje oculto de la naturaleza.	Artes visuais	25	25	20	70
Iria Iglesias Martínez	Concerto	Artes visuais	25	20	15	60

5.- Artes visuais.

NOME E APELIDOS	PROXECTO	CATEGORÍA ARTÍSTICA	PUNTUACIÓNS			
			Avaliación do concepto	Viabilidade	Avaliación de oportunidade	TOTAL
MARÍA DEL MAR RAMÓN SORIANO	DESDE LA FUENTE DEL PUEBLO HASTA UN PISO EN EL TERCER NIVEL	ARTES VISUAIS	45	30	25	100
ALVARO CORRAL CID	BDF 8	ARTES VISUAIS	44,5	29,5	25	99
DIEGO VITES GARCÍA	TAZ BATEA	ARTES VISUAIS	35	30	25	90
CRIS LORES TORRES	M8 CINE EXPANDIDO EN VIVO CON METRAXE ATOPADO	ARTES VISUAIS	30	30	25	85
FRANCISCO JOSE RODRIGUEZ CASAL	CORTEZAS	ARTES VISUAIS	30	30	22	82
CANDELA EIREA ORRO	Peixes e outros mares	ARTES VISUAIS	40	25	15	80
JOSE ROSENDO CID MENOR	INSTRUCCIÓN PARA PASEAR UN LUGAR	ARTES VISUAIS	30	30	20	80
CRISTINA SOUTO PITA	AS IMAXES COMO PONTES DENDE A HABANA	ARTES VISUAIS	35	25	18	78
JAVIER FERNANDEZ PEREZ DE LIS	Furtiveo: Santiago D.C.	ARTES VISUAIS	35	25	15	75
CARLOS FERNANDEZ LOPEZ	onde non chove	ARTES VISUAIS	35	25	15	75
MANUELA PEREIRA ENRIQUEZ	A PAISAXE ESTANCADA	ARTES VISUAIS	35	25	15	75
JESUS MADRIÑÁN FERNÁNDEZ	BLOOM	ARTES VISUAIS	35	25	15	75
MAURO TRASTOY LINDIN	CARTOGRAFÍA DO LEVE	ARTES VISUAIS	20	25	25	70
ZELTIA IGLESIAS RODRIGUEZ	campo do pino	ARTES VISUAIS	25	25	15	65
ALBERTO MUÑOZ MORENO	GRID: del espacio digital al vitral escultórico	ARTES VISUAIS	25	25	15	65
IRENE TRAPOTE CARPINTERO	HACER TERRITORIO ATANDO CABOS	ARTES VISUAIS	25	25	15	65
NEREA CORDEIRO CERVIÑO	LÍNEAS DE TRÁNSITO	ARTES VISUAIS	20	15	18	53
HILARIO PEREZ LOUZO	IN THE MORNING AFTER THE NIGHT	ARTES VISUAIS	20	15	18	53



Tras a deliberación do xurado, selecciónanse 6 proxectos dun xeito unánime para a concesión das bolsas, acadando as máximas puntuación en cada categoría, segundo a puntuación e valoración que se traslada de seguido:

ARTES ESCÉNICAS.

1. ABURRIMENTO: ARQUITECTURAS PARA O XOGO ESCÉNICO

Presentado por Marta Alonso Tejada

PUTUACIÓN TOTAL: 85 PUNTOS

Na categoría de Artes Escénicas

Na categoría de Artes Escénicas o proxecto ABURRIMENTO: ARQUITECTURAS PARA O XOGO ESCÉNICO acada 1 das dúas puntuacións máis altas cun total de 85 puntos. No apartado A) referido ao concepto acadou 40 puntos posto que desenvolve un proxecto de exploración e experimentación de espazos escénicos interactivos pensados para ser activados por familias, nenas e nenos e docentes. A proposta é investigar na creación de contextos escénicos que activen a creatividade, o xogo libre e a reflexión compartida. Esta iniciativa é posuidora dun trasfondo educativo e pedagóxico relativo ao ensino non regrado das artes que involucra distintas capas de creación e teoría. O proxecto é totalmente coherente coa definición das axudas e está perfectamente dimensionado, secuenciado e formulado; isto contribúe a unha proposta viable na que se valora especialmente o pouso teórico que pode emanar deste proceso. Por outra banda introduce un concepto de novidade e orixinalidade que a singulariza entre as demais propostas por incluír ademais un vínculo coa pedagogía e a educación.

No apartado B) referido á viabilidade do proxecto, acadou 25 puntos dado que inclúe unha primeira fase de investigación e experimentación para finalmente levar a cabo unha realización de prototipados de espazos e elementos escénicos que poden contribuír de forma moi positiva ao ecosistema escénico galego para levar a cabo experiencias educativas, de formación e de interacción co público. Estas iniciativas e elementos escenográficos de xogo e interacción recolleranse tanto de xeito material como en formato teórico e documentado para constituír un marco de referencia dentro do contextos das artes escénicas en Galicia.

No apartado C) relativo á oportunidade na traxectoria artística dos integrantes acadou un total de 20 puntos pois permite desenvolver e ampliar as liñas de investigación ao redor da didáctica nas artes escénicas levada a cabo por Marta Alonso Tejada. Asemade a implicación no proxecto dun equipo interdisciplinar conformado por 5 persoas (artistas escénicos/as, escenógrafos/as, pedagogos/as



e/ou educadores/as) reforza a viabilidade da proposta, a súa solidez teórica e a posibilidade real das súa materialización práctica.

2. DREAM ON

Presentado por Antonio Rivas Campos

PUNTUACIÓN TOTAL: 85 PUNTOS

Na categoría de Artes Escénicas

Na categoría de Artes Escénicas o proxecto DREAM ON acada 1 das dúas puntuacións máis altas cun total de 85 puntos. No apartado A) correspondente ao concepto, obtivo a puntuación de 40 puntos por desenvolver unha proposta global de teatro, audiovisual, música e escenografía expresada cunha perspectiva innovadora como é o teatro documental e documento unido a unha mirada propia e persoal do autor. Por unha banda o proxecto céntrase na etapa actual e na impronta dos medios de comunicación e as redes sociais sobre a nosa sociedade; noutro senso redonda conceptualmente na idea de que a historia se repite e que o que se relata xa pasou atrás no tempo. A peza que vai desenvolver está ambientada dentro dun teatro, aludindo ao metateatral e utilizando recursos audiovisuais, musicais e propostas de espazo escenográfico.

Dream On pretende indagar nos inicios da comunicación, nas causas do estado actual da sociedade: nas súas orixes, na súa explicación, nos paralelismos que podemos atopar co pasado, no papel dos medios, xogando un papel fundamental nos cambios políticos e sociais e que non obstante reproducen esquemas tradicionais; a maiores tenta construír unha vía para entender e poder deixar atrás o pasado coa mirada posta na esperanza do futuro a través da vida do protagonista. Na peza conviven dúas realidades a un tempo: unha realidade histórica, lineal, narrada e explicada por un terceiro, e unha realidade de ficción, unha metáfora da historia onde o protagonista, a través do que parece unha relación de familia, conta a súa propia versión dos feitos narrados adentrándose máxicamente no pasado e no futuro cun desenlace propio e inesperado.

No apartado B) referido a viabilidade do proxecto obtén 20 puntos pois propón un resultado concreto e unha metodoloxía de traballo factible en tempos e recursos aportando un equipo de 4 persoas especializadas nas artes escénicas, audiovisuais e escenografías. O proxecto propón a materialización dunha peza teatral na que hai asemade unha forte proposta audiovisual, musical e escenográfica co obxectivo final de crear unha obra teatral completa e interdisciplinar. Asemade propón unha escenografía específica que é unha habitación a modo de estrutura de aluminio modular dentro dun escenario no que teñen presenza escénica os propios equipos audiovisuais e de hardware. gravando asemade un vídeo en directo da representación teatral. Aporta asemade xa textos da peza teatral a desenvolver na residencia, polo que ap acabar o período de estadía parece de todo factible a súa presentación ao público.



No apartado C) referido á oportunidade para a traxectoria artística obtén 25 puntos e tense en conta o solvente da proposta en relación ao novo creador que presenta este proxecto tan desenvolvido. O resultado é coherente e contribúe a desenvolver a traxectoria profesional de Antonio Rivas como actor, autor e director de escena, poñendo en valor a súa formación como artista multidisciplinar en Espazo Aberto para poder levar a cabo unha obra que inclúe diferentes disciplinas artísticas e nas que se amplía o concepto de artista escénico.

ARTES MUSICAIS.

CIDADE SONORA. UNHA PROPOSTA DE ARQUITECTURA SOMÁTICA

Presentado por Andrés Rodríguez Monteavaro

PUNTUACIÓN TOTAL: 94 PUNTOS

Na categoría de Artes Musicais

Na categoría de artes musicais o proxecto "Cidade Sonora" presentado por Andrés Rodríguez Monteavaro obtén 94 puntos, sendo o proxecto mellor valorado nesta disciplina.

Segundo os criterios de valoración do apartado A), referente ao concepto, é valorado con 43 puntos dado que este colectivo Incra, conformado por Andrés Rodríguez Monteavaro e Iván Nespereira, presenta "unha proposta de arquitectura somática que, a través da documentación sonora e visual de espazos interiores e exteriores do Gaiás, crea un arquivo sonoro e visual que permita analizar e experimentar de forma alternativa un espazo arquitectónico determinado". A especial relación da proposta co complexo da Cidade da Cultura de Galicia fai que este proxecto teña unha vinculación cos espazos arquitectónicos e coa natureza do conxunto arquitectónico e cultural do Gaiás.

No apartado B) referido á viabilidade este proxecto obtivo 28 puntos; a proposta ten como obxectivo e a realización dunha peza musical cuxo fin é asemade a xeración dun arquivo da cidade sonora sentando as unhas bases fundamentais e de carácter experimental (arte sonoro e imaxen experimentais) a través da ordenación e procesado dos sons e das imaxes, despois da fase de captación, ordenado, clasificación e rexistro. A residencia de 4 semanas na Cidade da Cultura inclúe 3 fases: captación, ordenado, clasificación e rexistro visual e sonoro. A última fase céntrase na construción dun arquivo audiovisual e de elaboración dunha primeira instalación multicanle, rematando coa presentación da obra, que definen como "non pechada, senón como un método: unha forma de implicarse cos espazos a través das súas resonancias e das súas superficies".

No apartado C) referido á oportunidade artística obtén 23 puntos tendo en conta que a traxectoria de INCRA e de Andrés Rodríguez Monteavaro, desenvolvida nos



últimos 3 anos, afonda nun proceso exploratorio e de creación dun arquivo audiovisual e sonoro cunha perspectiva artística e antropolóxica, definindo esta proposta como unha continuidade lóxica na traxectoria do colectivo e unha partida cara a novas formas de coñecemento artístico.

DESEÑO

AZULEXERÍA

Presentado por Loira Pérez Pérez

PUNTUACIÓN TOTAL: 90 PUNTOS

Na categoría de Deseño

Na categoría de Deseño o proxecto AZULEXERÍA de Loira Pérez Pérez obtén 90 puntos, sendo o proxecto máis valorado desta especialidade. No apartado A) referido ao concepto obtén 35 puntos dado que a súa proposta posúe un carácter interdisciplinar, mesturando deseño, arte e artesanía en relación tamén coa arquitectura. A base conceptual deste proxecto basease na investigación do contorno, do local, dos procesos artesanais e a contraposición coa produción industrial, tomando ferramentas de ambos contextos para desenvolver un proxecto de produción artesanal seriado (referencias claras no senlleiro exemplo de Sargadelos). A idea principal desta proposta é a investigación de cara á creación dunha de murais cerámicos a partir da repetición de diferentes formas modulares: un muro de azulexería volumétrica. A temática é, coma sempre, a natureza do noso entorno, a casa, o xogo e elementos da etnografía e a memoria popular galega. A experimentación con elementos naturais de cercanía volcados nas propias técnicas da cerámica é un dos eixos claves deste proxecto.

No apartado B) referido á viabilidade do proxecto obtén 30 puntos; a proposta presenta unha materialización final, que é un mural de azulexo, ofrecendo garantías a nivel conceptual, técnico e material. Levará a cabo un proceso de investigación de elementos da contorna, da paisaxe e dos elementos naturais. As diferentes pezas que conformarán o muro serán obxectos cerámicos libres de soporte, achegándose máis a un modelado de bulto redondo que a un relevo, pero conservando a estética da azulexería coa disposición nun plano frontal e encaixe diagonal. Asemade utilizará técnicas artísticas como a pintura para a realización dese mural. Os numerosos bocetados que se presentan na memoria permiten comprobar esa viabilidade e ao tempo os matices de experimentación e investigación para non pechar de todo o resultado e que o proceso de residencia lle aporte esas liñas e acabados finais, facendo referencia ao papel do mentorado no proceso. A maiores da realización do mural, a pretensión é a redacción e publicación dun artigo sobre a cerámica local nunha monografía, fomentando por tanto a transferencia de coñecemento de cara a publicar a investigación e os procesos levados a cabo na residencia.



En canto ao apartado C) de oportunidade artística obtén 25 puntos debido á traxectoria no eido do deseño e da artesanía da autora da proposta; é fundadora dun estudo taller denominado Raposiñas no que leva a cabo propostas de ensaio e experimentación coa cerámica. Pretende seguir desenvolvendo de xeito máis profundo obxectos e pezas baseadas na investigación do contexto próximo para unha futura produción de novos modelos e pezas propias cuxa natureza radica na hibridación de diferentes artes e disciplinas (artesanía, deseño, artes plásticas, etnografía, botánica), apegadas ao local pero tendo en conta o que acontece nos contextos próximos no eido da cerámica como o norte de Portugal. Esta axuda é unha oportunidade para desenvolver proxectos creativos que igualmente se poidan poñer a disposición do público en diferentes formatos cerámicos integrando deseño e tradición nos mesmos.

ARTES DIXITAIS

CEREBRAL

Presentado por Alberto Emilio Castaño Pereira

PUNTUACIÓN TOTAL: 90 PUNTOS

Na categoría de Artes Dixitais.

Na categoría de artes dixitais o proxecto CEREBRAL de Alberto Emilio Castaño Pereira obtén 90 puntos. No apartado A) referente ao concepto obtén 40 puntos polo que cabe sinalar que esta proposta posúe unha clara natureza dixital e tecnolóxica. A interacción complexa entre home e máquina é o elemento central do proxecto, respaldado por una consistente posición técnica. O concepto da proposta define que as ondas cerebrais do artista convértense no motor principal dun espectáculo sonoro e visual en tempo real. A idea central é explorar os límites da mente como instrumento creativo, e traducir os estados mentais (mediante tecnoloxía EEG) en parámetros musicais e visuais, xerando unha experiencia inmersiva, viva e irrepitible. Está interpretado como un paso máis dun proceso de investigación e representa un proxecto dixital que se adapta ao concepto desta residencia.

No apartado B) referente á viabilidade do proxecto, Cerebral obtén 30 puntos dado que presenta unha posta en escena testada e con calidade formal. O proxecto contempla unha peza final resultante do proceso de investigación que interactúa co público, nunha residencia que combina I+D, creación artística e divulgación científica. Durante o período de residencia artística no Gaiás, o proxecto CEREBRAL quere desenvolver un método de control consciente dos instrumentos musicais mediante EE, crear novas composicións musicais específicas para esta versión do proxecto, deseñar un sistema visual interactivo en tempo real (desenvolver unha linguaxe audiovisual reactiva mediante TouchDesigner, capaz de representar visualmente a actividade cerebral do intérprete, sin cronizada coa música), construír unha nova posta en escena para o espectáculo en solitario, adaptar a proposta a un formato escénico completo, duns 50-60 minutos, para salas, festivais e espazos



culturais e realizar unha presentación pública do traballo (mostrar o avance do proxecto ao público no propio Gaiás). Destaca tamén a alusión á colaboración con artistas locais como axentes de base tecnolóxica e ao papel do mentorado como guía para materializar o proxecto.

No apartado C) sobre a oportunidade artística obtén a puntuación de 20 puntos. A sostibilidade do proxecto parece garantida a través da ampla experiencia do artista, da súa presenza en diversos festivais musicais e escénicos. Este proxecto é coherente cunha continuidade natural dun camiño artístico que vén definindo o perfil de Alberto Castaño durante os últimos anos, buscando unha linguaxe persoal onde se cruzan a experimentación sonora, a tecnoloxía creativa e a expresión emocional directa. Este proxecto cerebral iníciase no ano 2021 pero agora para o autor significaría "unha evolución drástica na funcionalidade do proxecto, que avanza dun modelo aleatorio e incontrolado cara a un sistema de control consciente real das creacións musicais". A hibridación de disciplinas artísticas na traxectoria deste creador unindo música, ferramentas dixitais e a colaboración con outros creadores fai que este proxecto sexa singular e único dentro dos proxectos presentados.

ARTES VISUAIS.

DESDE LA FUENTE DEL PUEBLO HASTA UN PISO EN EL TERCER NIVEL

Presentado por María del Mar Ramón Soriano

PUNTUACIÓN TOTAL: 100 PUNTOS

Na categoría de Artes Visuais

*Na categoría de artes visuais o proxecto DESDE LA FUENTE DEL PUEBLO HASTA UN PISO EN EL TERCER NIVEL obtén a máxima puntuación das axudas en cada categoría que son 100 puntos. No apartado A) referido ao concepto obtén 45 puntos; cabe sinalar que o proxecto se enmarca nunha investigación teórico-práctica ao redor das relacións que se conformaron entre Galicia e Reino Unido a comezos do século pasado. O interese por afondar nesta conexión entre ambos lugares xurde na investigación que fai a artista do arquivo da fotógrafa Ruth Mathilda Anderson en NY no que presentaba un vínculo entre ambas xeografías, deténdose tamén no o papel das mulleres no eido do rural en Galicia. Mar Ramón Soriano fai unha especial alusión ao papel das mulleres na cerámica, e ten tamén en conta o coñecemento da antiga fábrica de Sargadelos no contexto británico. Polo tanto a proposta deste artista visual indaga sobre as conexións marítimas e comerciais entre ambos territorios a comezos do século XX, e ten especialmente en conta o aporte textual e documental de tres autoras e viaxeiras británicas (Rachel Challice, Annette M. B. Meakin y Catherine Gasquoine Hartley) que mediante os seus relatos e fotografías, definiron a imaxe de Galicia no seu imaxinario británico. A intención da creadora é centrarse nestas diferentes conexións entre UK e Galicia para acabar producindo unha especie de *Atlas Mnemosyne* baseado na obra Aby Warburg (recoñecido*



historiador da arte que propón un atlas que é en realidade unha rede de relacións entre territorios que reflexionan acerca da imaxe. A instalación que vai desenvolver recolle as tendencias actuais das artes visuais, o que lle permite construír e expandir universos de sentido propio, ao tempo que ofrece unha resposta crítica e consciente á conxuntura política contemporánea, incluíndo claramente unha perspectiva de xénero no seu estudo e proceso artístico.

No apartado B) referido á viabilidade do proxecto a artista obtén 35 puntos; neste apartado propón unha investigación sobre estas relacións entre UK e Galicia que define na memoria, pero ao tempo presenta a execución dunha instalación artística que é un atlas escultórico e cultural no que convive a información recabada, as imaxes e os obxectos que fundamentan estas relacións espaciais, temporais, formais e conceptuais. Ofrece inclusive imaxes concretas do proceso e do resultado creativo futuro para poder ter o xurado unha clara noción da peza artística escultórica que vai materializar. A organización e planificación da residencia é clara, fundamentada e detallada tanto no proceso de execución como no resultado final.

No apartado C) referido á oportunidade para a traxectoria artística, obtén 25 puntos pois esta artista galega presente en exposicións colectivas e individuais que agora está a desenvolver un proxecto artístico propio que inclúe esta liña de investigación sobre as conexións culturais entre UK e Galicia, xa iniciado no marco da súa bolsa Fulbright no ano 2022-23 de ampliación de estudos artísticos; a súa estancia na Hispanic Society of America e no Observational Practices Lab de Parsons School of Design (NY), permitiulle o achegamento ao arquivo fotográfico de Ruth Matilda Anderson no que se evidencian as conexións entre ambos territorios. Nunha segunda etapa de estudo este Atlas, resultado da residencia, pretende ser un punto de partida para a continuación da súa investigación posdoutoral en institucións como o Royal College de Londres, visitando tamén os arquivos do Reino Unido que custodian as cartas das autoras inglesas citadas e outros documentos sobre a naviera que organizaba as viaxes entre Galicia e UK, a fundación Warburg, etc., para seguir producindo obra artística e teórica dentro desta novedosa liña investigadora.



Tendo en conta todo o anterior, e non existindo máis temas a tratar, acórdase propoñer para as bolsas REGA 2025 os seguintes participantes:

ARTES ESCÉNICAS:	Marta Alonso Tejada Antonio Rivas Campos
ARTES MUSICAIS:	Andrés Rodríguez Monteavaro
DESEÑO:	Loaira Pérez Pérez
ARTES DIXITAIS:	Alberto Emilio Castaño Pereira
ARTES VISUAIS:	M^a del Mar Ramón Soriano

Remata a reunión sendo ás 13.50 horas do 14 de xullo de 2025

O Presidente,

Verónica Santos Farto

A Secretaria,

Sandra Mouronte Ferreirúa

